Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Alén, Máis Alá

A ánima da nai

En Penas Agudas, Rigueira, Xove (Lugo), un home quedou viúvo con dúas fillas. E as nenas aparecíanlle polas mañás ben peiteadas.

Un día preguntoulles quen as peiteaba, e responderonlle que o facía a súa nai, que estaba no forno.

Parece que o home falou coa ánima da súa defunta esposa e desde aquela as fillas deixaron de aparecer peiteadas polas mañás.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 26.